



# Programación Lírica da Coruña 2021

## Actividades paralelas en Afundación



# Calendario

Premer nos títulos  
para ampliar  
información



## SETEMBRO

Xoves, 2 de setembro | 19 h

Conferencia: «Ao redor de *I Puritani*», por Raúl Chamorro

Luns, 6 de setembro | 19 h

Cinema: *Ópera en Marineda*, de Pilar Miró

Mércores, 8 de setembro | 19 h

Proxección de ópera: *Rigoletto*, de Giuseppe Verdi

Xoves, 9 de setembro | 19 h

Conferencia: «Emilia Pardo Bazán e a música»,  
por José Luis Méndez Romeu

Luns, 13 de setembro | 19 h

Cinema: *La Strada*, de Federico Fellini

Mércores, 15 de setembro | 19 h

Proxección de ópera: *El caso Makropulos*, de Leoš Janáček

Venres, 17 de setembro | 19 h

Conferencia: «Ao redor de *Pagliacci* e a soprano Ofelia Nieto», por Antón de Santiago

Luns, 20 de setembro | 19 h

Cinema: *Balada triste de trompeta*, de Álex de la Iglesia

Mércores, 22 de setembro | 19 h

Proxección de ópera: *Andrea Chénier*, de Umberto Giordano


Luns, 27 de setembro | 19 h

Cinema: *Los intocables de Eliot Ness*, de Brian de Palma

Mércores, 29 de setembro | 19 h

Proxección de ópera: *Ifigenia en Táuride*, de C. W. Glück

Premer nos títulos  
para ampliar  
información



## OUTUBRO

Venres, 1 de outubro | 19 h

Conferencia: «Ao redor de *Parténope*», por Maruxa Baliñas

Luns, 4 de outubro | 19 h

Cinema: *Florence Foster Jenkins*, de Stephen Frears

Mércores, 6 de outubro | 19 h

Proxección de ópera: *Peter Grimes*, de Benjamin Britten

Sábado, 9 de outubro | 20 h

Concerto do alumnado do Curso de Interpretación Vocal de Mariella Devia

Luns, 11 de outubro | 19 h

Cinema: *2046*, de Wong Kar Wai

Mércores, 13 de outubro | 19 h

Proxección de ópera: *La Verbena de la Paloma*, de Tomás Bretón

A entrada nestas actividades é gratuíta.

É imprescindible a inscrición previa na sede de Afundación (Cantón Grande, 8) ou no 981 185 060.

Ciclo de cinema

**Luns, 6 de setembro | 19 h**

### ***Ópera en Marineda***

España, 1974. Dirección: Pilar Miró.

Intérpretes: Charo López, Manuel Zarzo, Concha Goyanes, Alfonso del Real, Carmen Maura.

Baseada en *Por el arte*, un relato de Emilia Pardo Bazán, esta película escasamente coñecida da realizadora Pilar Miró (que tamén probou sorte na ópera como directora escénica) reflicte un mundo que a escritora coruñesa coñecía moi ben, o do teatro lírico. Non en balde, dona Emilia era abonada ás tempadas do Teatro Real e acudía, cada vez que lle era posible, ás representacións operísticas que se ofrecían na súa propia cidade. A poucos días da estrea de *El Reflejo* na Programación Lírica coruñesa, un monólogo dramático-musical baseado en *La Tribuna* da Pardo Bazán, recuperamos este singular filme, encargo de TVE.

**Luns, 13 de setembro | 19 h**

### ***La Strada***

Italia, 1954. Dirección: Federico Fellini.

Intérpretes: Anthony Quinn, Giulietta Masina, Lina Venturini. VOSE.

Considerada unha das 100 obras mestras da historia do cinema, esta xoia imperecedoira de Federico Fellini, que gañou o seu primeiro Óscar con ela, ofrécenos a extraordinaria historia de amor entre dous *outsiders*, o artista rueiro Zampanò e a moza inxenua Gelsomina. Esta será unha das películas escollidas para preparar a estrea de *Pagliacci* no Teatro Colón, a ópera que regresa agora á Programación Lírica coruñesa tras moitos anos de ausencia.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)

**Luns, 20 de setembro | 19 h**

***Balada triste de trompeta***

España/Francia, 2010. Dirección: Álex de la Iglesia.  
Intérpretes: Antonio de la Torre, Carolina Bang, Carlos Areces, Sancho Gracia.

Dous pallasos cruelmente enfrontados polo amor da fermosa bailarina do circo serven a Álex de la Iglesia para conformar un relato terrorífico nun dos seus filmes máis intensos e persoais. O extraordinario dó artístico entre dous dos mellores actores españois da actualidade, Antonio de la Torre e Carlos Areces, co mundo circense como fondo, tradúcese nunha película tan brutal como conmovedora.

**Luns, 27 de setembro | 19 h**

***Los Intocables de Eliot Ness***

EE UU, 1987. Dirección: Brian de Palma.  
Intérpretes: Kevin Costner, Sean Connery, Robert de Niro.  
VOSE

Un dos clásicos modernos do cinema de gánsters, reflicte o enfrontamento entre o soado Al Capone e o non menos coñecido axente policial Eliot Ness, disposto a poñer fin á loita criminal polo control das rúas de Chicago. Memorables interpretacións e unha banda sonora que evoca nunha das súas escenas máis recoñecidas a ópera *Pagliacci* conforman algunhas das mellores bazas deste referencial filme de Brian de Palma.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)

## Luns, 4 de outubro | 19 h

### ***Florence Foster Jenkins***

Reino Unido, 2016. Dirección: Stephen Frears.

Intérpretes: Meryl Streep, Hugh Grant. VOSE.

Nesta divertida comedia, a sempre marabillosa Meryl Streep dá vida a un personaxe de carne e óso que existiu en realidade, a excéntrica millonaria norteamericana Florence Foster Jenkins, absurdamente convencida de que a súa «extraordinaria» voz debería convertela nunha recoñecida cantante de ópera. Fabulosos secundarios, notable ambientación e unha exquisita banda sonora son algunhas das súas grandes bazas.

## Luns, 11 de outubro | 19 h

### ***2046***

Hong Kong/EEUU, 2004. Dirección: Wong Kar Wai.

Intérpretes: Tony Leung, Gong Li, Zhang Ziyi. VOSE.

Gañadora como Mellor Película Internacional nos Premios Europeos do Cinema, este cegador filme do prestixioso Wong Kar Wai foi definido como a *Casablanca* do século XXI. Desesperadamente poética, turbadora... foron algúns dos adxectivos con que a crítica máis solvente saudou no seu día a aparición desta marabillosa historia de amor protagonizada polos magnéticos Tony Leung e Gong Li. A destacar a súa espléndida banda sonora con ecos de Vincenzo Bellini, un dos compositores que estará presente na Programación Lírica coruñesa.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)



Ciclo  
de proyecciones  
de ópera

## **Mércores, 8 de setembro | 19 h**

### ***Rigoletto*, de Giuseppe Verdi**

Con Željko Lučić, Diana Damrau, Piotr Beczala. Orquestra e Coro do Met de Nova York. Dirección Musical: Michele Mariotti. Dirección de Escena: Michael Mayer. 2013. 136 min. VOS.

Željko Lučić, o estupendo barítono serbio que o 19 de setembro ofrecerá un concerto na Programación Lírica coruñesa, protagonizou en 2013 a nova produción desta obra mestra de Verdi servida polo Metropolitan de Nova York. Michael Mayer sitúa agora a acción orixinal nas Vegas e conta coa complicidade doutros dous extraordinarios cantantes, como a soprano Diana Damrau e o tenor Piotr Beczala.

## **Mércores, 15 de setembro | 19 h**

### ***El caso Makropulos*, de Leoš Janáček**

Con Angela Denoke, Raymond Very, Peter Hoare. Coro da Ópera de Viena. Filharmónica de Viena. Dirección musical: Esa-Pekka Salonen. Dirección de escena: Christoph Marthaler. 2011. 118 min.

A recuperación dunha das obras fundamentais do teatro musical de Leoš Janáček, en 2011, no Festival de Salzburgo, constituíu un dos maiores éxitos recentes do prestixioso certame austríaco. A versátil soprano Angela Denoke ofrece aquí unha das interpretacións máis intensas da súa carreira, galvanizada pola achega musical dos filharmónicos vieneses ás ordes do grande Esa-Pekka Salonen.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)

## Mércores, 22 de setembro | 19 h

### ***Andrea Chénier*, de Umberto Giordano**

Intérpretes: Franco Corelli, Piero Cappuccilli, Celestina Casapietra. Orquestra e Coro da RAI. Dirección musical: Bruno Bartoletti. Dirección de escena: Václav Kašlík. 1973. Sen subtítulos.

No centenario do gran tenor italiano Franco Corelli recuperamos un dos roles que lle deron xusta fama, o Andrea Chénier da ópera homónima de Umberto Giordano. Ambientada na Revolución Francesa, esta xoia do verismo é unha apaixonada historia de amor, un canto á liberdade e á tolerancia envolta nunha música extraordinaria. A destacar no elenco a presenza doutro extraordinario cantante, o barítono Piero Cappuccilli, que chegou actuar na Coruña.

## Mércores, 29 de setembro | 19 h

### ***Ifigenia en Táuride*, de C. W. Glück**

Con Juliette Galstian, Rodney Gilfry, Deon van der Walt. Orquestra La Scintilla. Coro da Ópera de Zúric. Dirección musical: William Christie. Dirección de escena: Claus Guth. Producción da Ópera de Zúric. 2002. 108 min. VOS.

A ninguén lle escapa que neste momento William Christie é o gran representante actual da ópera barroca no mundo. O 2 de outubro, despois de dúas décadas, o director norteamericano regresa á Coruña para participar na Programación Lírica coa *Parténope* de Händel. Con ese motivo, recuperamos agora unha das producións de C. W. Glück máis celebradas, este *Ifigenia en Táuride* na Ópera de Zúric con dirección musical do propio Christie e escénica dun dos grandes nomes da actualidade, Claus Guth.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)

## Mércores, 6 de outubro | 19 h

### ***Peter Grimes*, de Benjamin Britten**

Con Alan Oke, Giselle Allen, David Kempster. Britten-Pears Orchestra. Dirección Musical: Steuart Bedford. Dirección de Escena: Tim Albery. 2013. 141 min. VOS.

Unha experiencia operística inesquecible situada no mesmo lugar onde o compositor inglés ideou a súa obra. A posta en escena da obra mestra de Benjamin Britten en Aldeburgh é unha das montaxes máis orixinais e poderosas que se poidan gozar desta auténtica xoia de todo o teatro musical do século XX, un gran fresco sobre o totalitarismo, o poder absoluto da comunidade sobre o individuo, a liberdade...

## Mércores, 13 de outubro | 19 h

### ***La Verbena de la Paloma*, de Tomás Bretón, e gala lírica**

Con Borja Quiza, Luis Cansino, Vanessa Goikoetxea, Laura Vila e a participación especial de Carlos Álvarez, Sondra Radvanovsky, Alejandro Roy. Orquesta e Coro Gaos.

Dirección musical: Fernando Briones. Dirección de Escena: Emilio López. Nova produción de Amigos de la Ópera de A Coruña. 130 min.

O ano pasado, en plena pandemia, Amigos de la Ópera non quixo deixar pasar a oportunidade de seguir ofrecendo a súa Programación Lírica, esta vez cun dos títulos fundamentais do teatro lírico español, *La Verbena de la Paloma*, de Bretón. A esta celebración, uníronse ademais algúns artistas que interviñeron na gala lírica que se ofreceu como parte do espectáculo, e na que o barítono Carlos Álvarez (que o 14 de outubro ofrecerá un concerto na Programación Lírica) tivo un protagonismo especial.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)

# Concertos

**Sábado, 9 de outubro | 20 h**

## **Concerto do alumnado do Curso de Interpretación Vocal de Mariella Devia**

Unha nova edición do Curso de Interpretación Vocal da Programación Lírica da Coruña, agora baixo a guía de Mariella Devia, chega este día á súa conclusión co concerto final que ofrecerán os participantes. Arias dalgunhas das óperas máis coñecidas de Bellini, Rossini, Donizetti ou Verdi, entre outros, escoitaranse nesta cita na que a raíña do belcanto presenta algunhas das novas voces do futuro.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)

Conferencias

### **Xoves, 2 de setembro | 19 h**

#### **«Ao redor de *I Puritani*», por Raúl Chamorro**

Coincidindo coa estrea de *I Puritani* ao día seguinte, o crítico musical Raúl Chamorro, un dos analistas máis acreditados sobre o xénero lírico en España, analizará os pormenores da obra mestra de Bellini.

### **Xoves, 9 de setembro | 19 h**

#### **«Emilia Pardo Bazán e a música», por José Luis Méndez Romeu**

Un día antes da estrea de *El Reflejo* na Programación Lírica coruñesa, o ex conselleiro e ex responsable da política cultural, José Luis Méndez Romeu, analizará a fecunda relación entre a escritora Emilia Pardo Bazán e a música.

### **Venres, 17 de setembro | 19 h**

#### **«Ao redor de *Pagliacci* e a soprano Ofelia Nieto», por Antón de Santiago**

Cúmprense cen anos dunha das actuacións memorables da insigne soprano galega Ofelia Nieto no Teatro Real madrileño, encarnando a Nedda da ópera *Pagliacci*. Amigos de la Ópera lembra agora esta efeméride e rende homenaxe á cantante coa programación da ópera de Leoncavallo, que se estrea o día 24. Uns días antes, o profesor de canto Antón de Santiago, biógrafo da Nieto, fálanos sobre esta obra mestra do teatro lírico e da súa relación con Ofelia Nieto.

### **Venres, 1 de outubro | 19 h**

#### **«Ao redor de *Parténope*», por Maruxa Baliñas**

A véspera da estrea de *Parténope* de Händel na Programación Lírica será a quenda da directora de Mundoclásico, Maruxa Baliñas, quen analizará non só esta peculiar ópera, senón ademais os profundos lazos entre Nápoles, a cidade partenopea, e Galicia, ademais de glosar a extraordinaria presenza do gran representante da ópera barroca no mundo, William Christie, que regresa agora á cidade.

[▶▶ Volver ao calendario ◀◀](#)



# //Afundación

Obra Social ABANCA

Sede Afundación A Coruña  
Cantón Grande, 8  
981 185 060

Organiza



Colaboran

